

Renovación Parcial do Consello Escolar – Novembro 2024-Convocatoria/Información Profesorado

Olga Simón Cruz, directora do IES de Cacheiras, en cumprimento do establecido no Decreto 7/1999 do 26 de Xaneiro de 1999, e da Resolución do 10 de setembro de 2024, informa ao profesorado do centro sobre a **CONVOCATORIA DE ELECCIÓN**S para a renovación parcial do Consello Escolar, para o cal:

1. Procederáse á elección de 4 representantes do profesorado e unha vacante da renovación parcial do ano 2022, en total **resultarán elixidos 5 representantes do profesorado**
2. O **Censo Electoral** de todo o profesorado do centro está exposto no taboleiro de anuncios destinado ás eleccións dende o 24 de outubro, día no que se constituíu a Xunta Electoral.
 - Profesorado en COMISIÓN DE SERVIZOS: Son electores e elixibles
 - Prof. SUBSTITUIDOS.(Inferior a 6 meses):Son electores e elixibles
 - Prof. SUBSTITUTOS: NON son electores nin elixibles
 - Profesores LIBERADOS SIND. PARCIAIS:Son electores e elixibles
 - Profesores de RELIXIÓN:Son electores e elixibles só os que teñan nomeamento outorgado pola Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria con independencia das horas que imparten.
3. As **reclamacións ao Censo Electoral** presentaranse por escrito ata 11 de novembro.
4. As **Candidaturas** presentaranse por escrito ante a Xunta Electoral nas datas comprendidas entre o 24 de outubro e o 11 de novembro, ámbalas dúas incluídas (na secretaría do centro en horario de 9:30 h. a 14:00 h.)
5. As **Candidaturas proclamaranse publicamente** no taboleiro de anuncios o 13 de novembro.
6. As **Resolucións** ás reclamacións ao Censo Electoral proclamaranse publicamente no taboleiro de anuncios o 13 de novembro.
7. As **Reclamacións ás Candidaturas** presentaranse por escrito ante a Xunta Electoral entre os días 14 e 15 de novembro, ambos os dous incluídos (na secretaría do centro en horario de 9:30 h. a 14:00 h.)
8. As **Resolucións ás Reclamacións ás Candidaturas** faranse públicas no taboleiro de anuncios o 18 de novembro
9. **Claustro informativo** (Artigo 35, Decreto 92/1998) o día 13 de novembro ás 17:15 h.
10. A **Mesa Electoral do profesorado** estará composta polo directora que actuará como presidenta, o profesor/a de máis idade e o de menos idade, actuando este último como secretario.
11. A **Votación terá lugar o mércores 20 de novembro, nun claustro extraordinario que se celebrará ás 14:15 h.**
12. Cada votante fará constar **un máximo de catro nomes** na papeleta.
13. Rematada a votación procederáse ao escrutinio público dos votos e levantarase acta da votación.
14. A Xunta Electoral proclamará publicamente no taboleiro do Centro os candidatos elixidos o xoves 22 de novembro.
15. O novo Consello Escolar constituírse o xoves 28 de novembro ás 19:00 h.

Cacheiras, a 24 de novembro de 2024

A directora e presidenta da Xunta Electoral:



Asdo.: Olga Simón Cruz